

Exercicios pronome persoal.

1. Cambia o pronome persoal por **TE** ou **CHE**.

- Contounos todo o asunto do neno, pero non nos contou como os recolleu na rúa.
- Acaba de facervos a comida, dádevos présa e ídevos axiña.
- Sentounos alí e non nos moveu ata que nos trouxo un calmante.
- Carlos ten que devolverlle o libro, así que o chamou á casa para avisalo. -
- Quérovos moito e asegúrovos que non vos deixarei nunca.
- Seguramente vos xurdirán outras novas oportunidades, non vos poñades nerviosos que non vos deixarán fóra.

2. Introduce o pronome no lugar que lle corresponde e xustifica tal colocación.

- Quizais acolla na súa casa sen problema (nos).
- Quen viu onte pola tele? (as)
- Pouco a pouco vai saíndo a barba (lles).
- Todos os anos felicitan polo aniversario e traen un regalo. (me), (me).
- Cada cullerada sabe ao mel. (lle)
- Traerán o libro que pediches (che), (lle)

3. Fai as contraccións de OD e OI pronominais.

- Rebaixaron a condena aos presos.
- Lamberon os cartos aos vellos.
- Choscou un ollo ao rapaz.
- Ofertaron os mobles aos consumidores.
- Verteu a pota da auga ás señoras.
- Debuxei para vós esta anaconda.

4. Distingue nas seguintes oracións dativos de interese, de solidariedade ou posesivos.

- Cando colleu o bolso decatouse que lle faltaba o carné de identidade.
- A nena non lles anda nada ben.
- A rapaza da veciña éelles de armas tomar.

- Miráronlle ben a cara para poder recoñecelo.
- Veulle a nai da Arxentina.
- Ai!, non, señor, non lle sei nada do asunto.
- Comproulles a única casa que tiñan para vivir e ficaron na rúa.
- Teñen boa sorte coa nena porque lles estuda moito.
- Eu seilles moi ben de que pé coxea.
- Élles ben lambido ese rapaz.
- Sóubolle os nomes de todos os ríos cando llos preguntou na casa.
- Este outono vailles moito frío.
- Parece que non lles aprobou o exame do carné de conducir.

5. Indica nas oracións seguintes os valores de **SE**.

- Mira se podes vir hoxe co informe concluído.
- Se te queres ir xa sabes onde está a porta.
- Imaxinaba miles de rostros intercambiándose miradas de sospeitase sentiuse un turista máis.
- Nada máis erguerse da cama, non facía outra cousa que mirarse no espello e peitearse seguido.
- Despois de tantos anos, víronse na biblioteca e axiña se abrazaron.
- Na conferencia desta tarde trátase das ideas achegadas polo sindicato para a reforma do mercado laboral.
- Xabier atópase débil coma se tivera quentura.
- Pensou se tiña que pasar máis amodo pola corda para non caer.
- Aceptáronse novas acción no mercado de bolsa de Tokio.
- E os pais, veña a inmiscirse seguido nos problemas de parella.
- Véndese piso a pé de praia.
- Se atopas a Henrique dille que teño que falar con el.
- Suso e Carlos enfadáronse por nada e se non o falan non o aclararán.
- Gustárame saber se se pode falar nesta saa.
- Sempre está a chorar, coma se fose un neno.
- Búscase un gato que desapareceu o venres.
- Estragouse o ordenador e agora non poderei rematar o traballo que teño que entregar mañá.